



II Control Pista Cuberta S.G. Pontevedra – C.A. Sada

Lugar e Data: Ourense (Pista Cuberta Expourense) domingo 3 de xaneiro de 2021

Organiza: Sociedad Gimnástica de Pontevedra e Club Atletismo Sada

Control Técnico: Comité Galego de Xuíces da Federación Galega de Atletismo

REGULAMENTO

1) Horario:

HOMES		Límite Participantes	HORA	Límite Participantes	MULLERES	
Peso 7,26 kg	Sub23 en adiante	8	16:30	8	Sub16 –Sub18	60 m.v. 0,76
Peso 5kg	M60					
Pértega	Sub16 en adiante	8	16:40	8	Sub20 en adiante	60 m.v. 0,84
60 m.l.	Sub16 en adiante	48	16:50			
			17:30	8	Sub16 en adiante	Lonxitude
			17:32	48	Sub16 en adiante	60 m.l.
60 m.l.	Sub16 en adiante	24	18:14			
Final A,B,C						
			18:30	8	Sub16 en adiante	Pértega
				8	Sub16 en adiante	Peso 3-4kg
			18:35	24	Sub16 en adiante	60 m.l. Final A,B,C
200 m.l.	Sub16 en adiante	36	18:56			
Lonxitude	Sub16 en adiante	8	19:30			
			19:38	36	Sub16 en adiante	200 m.l.

- 2) A inscrición terá un custo de 3€ por atleta participante.
- 3) O máximo de probas permitidas é de 2 por participante.
- 4) A táboa de lonxitude será a 3 m.
- 5) O salto con pértega repartirase en 2 concursos mixtos en función das marcas de inscrición. As cadencias publicaranse cos inscritos/as.
- 6) Pasarán ás finais de 60 m.l. os 24 mellores tempos das series de 60 m.l.
- 7) Na proba de 200 m. utilizaranse as rúas da 1 á 6. As mellores marcas correrán polas rúas 4, 5 e 6.
- 8) O horario poderá sufrir modificacións en función dos inscritos/as.
- 9) Inscricións: ata as 23:59 horas do mércores 30 de decembro de 2020 pola extranet da RFEA.
- 10) No caso superar o límite de participantes, terán preferencia na admisión os atletas das entidades organizadoras. Seguidamente, aplicarase o criterio de mellores marcas das tempadas 2018/2019 e 2020 na proba correspondente (deberán indicarse no campo dorsal para poder telas en conta).
- 11) Poderase confirmar a participación e recoller o dorsal, ata 50' antes do comezo de cada proba.
- 12) Cada atleta retirará o seu dorsal na cámara de chamadas. Sendo imprescindible entregar a "Declaración Responsable". Os/As atletas deberán empregar o dorsal outorgado pola organización. Esta non facilitará imperdibles.
- 13) Reclamacións: Segundo manual da W.A.
- 14) A organización non se fai responsable dos danos morais ou materiais que poidan producirse con motivo da disputa desta competición.
- 15) Todos/as os/as participantes deberán cumprir o protocolo FISICOVID DXT GALEGO

